

D I T A M E

Ditame
9/07

sobre o anteproxecto de
Lei pola que se desenvolve
a **libre prestación de servizos**
de transporte marítimo de persoas
en aguas interiores de Galicia



A P R O B A D O P O L O P L E N O O 3 1 D E O U T U B R O



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 6 de novembro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, polo trámite de urxencia, o Anteproxecto de Lei pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 7 de novembro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº1 para o 12 de novembro, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 16/07, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 12 de novembro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 8/07, de 30 de novembro, e tras coñece-lo texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

O Anteproxecto de Lei pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia ten por obxecto desenvolver a libre prestación de servizos de transporte marítimo de viaxeiros e viaxeiras en augas interiores de competencia da Comunidade Autónoma, de conformidade co disposto no Regulamento (CEE) 3577/1992, do 7 de decembro.

O Anteproxecto de Lei sometido a ditame deste Consello estrutúrase en tres Capítulos, o primeiro de les recolle o obxecto da lei e o Capítulo II recolle o instrumento fundamental que ha de servir para coordinar a axeitada prestación dos indicados servizos de transporte co control do cumprimento da normativa vixente en materia de portos, persoas consumidoras e usuarias e seguridade marítima: O Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo. O Capítulo III regula o réxime sancionador, que ha de funcionar como garantía do axeitado funcionamento do rexistro e do cumprimento dos seus obxectivos.

O presente Anteproxecto de lei remata con dúas Disposicións Adicionais, unhas Disposición Transitoria, unha Disposición Derrogatoria e dúas Disposicións Finais.

CONSIDERACIÓN XERAL

O CES entende que o desenvolvemento regulamentario do presente anteproxecto de lei debería contemplar adecuadamente os dereitos e deberes dos consumidores e usuarios do transporte marítimo de viaxeiros e viaxeiras en augas interiores de Galicia, así como os requisitos para exercer-la actividade, a cobertura dun seguro de responsabilidade civil e calquera outro concepto contido no obxecto do anteproxecto.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O CES considera que na **exposición de motivos** do presente anteproxecto de Lei, debería figurar que o presente anteproxecto de Lei foi sometido a ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

2.- O **artigo 2** do presente anteproxecto de lei regula a creación do rexistro de empresas operadoras do transporte marítimo e a obrigatoriedade da inscrición.

O **apartado 1** do citado **artigo 2** regula como fin do Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo o de compatibilizar a libre prestación de servizos de transporte marítimo coa utilización das infraestruturas portuarias, co respecto aos dereitos dos usuarios e co cumprimento da normativa en materia de seguridade marítima.

O CES entende que dentro desde apartado 1 do artigo 2 debería incluírse entre os ámbitos básicos a compatibilizar coa liberdade de prestación de servizos de transporte marítimo de viaxeiros e viaxeiras en augas interiores de Galicia, a preservación do medio ambiente natural.

O **apartado 2** do **artigo 2** expón que “*con carácter previo á realización de servizos de transporte marítimo de viaxeiros e viaxeiras por augas interiores de Galicia será necesaria a inscrición da empresa operadora e das condicións de prestación do servizo no rexistro...*”.

O CES considera que da redacción do nomeado apartado pode deducirse que o único requisito necesario para levar a cabo o servizo de transporte é a inscrición da empresa e das condicións do servizo no rexistro. O CES entende que se debería especificar a necesidade de que as empresas interesadas obteñan unha resolución administrativa que certifique o cumprimento dos requisitos necesarios para levar a cabo o servizo, estando, polo tanto, a empresa autorizada para acometelo, sendo requisito previo a inscrición no rexistro de empresas operadoras do transporte marítimo.

3.- O artigo 7 do Anteproxecto sometido a ditame regula as sancións. O seu **apartado 2** expón que “(...) *a graduación do importe das sancións dentro dos límites previstos no apartado anterior farase en función, entre outros, dos seguintes parámetros: (...)*”.

O CES considera que os parámetros utilizados para graduar as sancións deben de estar na súa totalidade expostos na norma, evitando deste xeito as posibles inconcrecións derivadas da expresión “entre outros” existente no citado apartado 2.

Santiago de Compostela, 30 denovembro de 2007

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org